

AS "LERIAS DO ADRO" DE CASTELAO

Por XULIO FRANCISCO OGANDO VÁZQUEZ

Se tivésemos que sinalar un intre, fermoso e conmovedor, no que Galicia sentiu en toda a súa coleitividade humán o no cerne da súa propia esencia espiritual o estremecimento emocional e doorido da súa eterna unidade esencial, eu penso que poucos, cecáis ningún, tan fondo e verdadeiro, como o da morte de Castelao, fai agora mesmo vintecinco anos. Xa en vida, Daniel andaba entre nós aureolado con un nimbo de benquerencia popular que se trasmitía a todos, tanto coa súa presenza física como na engaioladora simpatía do seu falar, que descubrían a infinda bondade que levaba dentro de sí e transcendía ás xentes e ás mesmas cousas, que quedaban transfiguradas coa súa palabra ou coa súa pluma.

Van alá vintecinco anos e o nome, a figura e a obra de Castelao medraron en fervor popular, de tal xeito que ben podemos decir que, dende Rosalía, non se atopa, no censo dos nosos mortos máis esgrevios, outro nome que acade maiores gabanzas e que sirva máis nidiamente a coherencia humán i espiritual do noso pobo. A verdade é tamén que ninguén sentiu tanto, como Rosalía e Castelao sentiron, as mágoas e as inquedanzas do pobo galego. Agora o pobo e a mesma mocidade que non gozou do espectáculo da presenza física de Castelao, agariman o seu nome, comentan a súa obra, ademiran seu silandeiro camiñar pola vida, sin lixos no corpo, coa alma ateigada de bondade. Ningunha bandeira convoca con tanta forza á unidade de tódolos galegos como o nome, a vida e a obra de Castelao.

Nistes vintecinco anos a obra de Daniel foi difundida, comentada, degustada de tal xeito que cecáis non teñamos outro

tema que nos ofrende máis caudalosa bibliografía. Esta miscelánea de estudos que a nosa Real Academia consagra a súa lembranza nista data é boa probanza do rastro luminoso do home, do artista e do pensador que máis identificado estivo coas arelas dun pobo de longo sufrimento, guieiro da fe nos seus gloriosos destíños.

No servizo do pobo Castelao foi artista, escribén fermosas páxinas narrativas, e tamén tivo que facer política, como lle aconteceu a todos os homes da xeneración "Nós". Porque, deica íles, todo estaba por facer cumpridamente.

Non matino nesta miña aportación facer unha visión persoal de Castelao, aínda que, ao igual que moitos homes da miña xeneración, penso que dispoño de aqueles rasgos máis nídios e verdadeiros que son os que fan que a súa figura latexe e viva tan perto de nós. Quero facer algo millor: ofrecer a todos tres cuartelas manucritas do xenial artista, garimosamente conservadas por mín perante a longa travesía de coarenta anos corridos, nos que, se ao seu traveso me fixen vello, o longo camiño percorrido non apagou a miña devoción por Castelao nin murchou a fe e o alento dos anos mozos.

É obrigado que fagamos memoria dos acontecementos políticos do ano 1934. A República fora a caer nas mans da CEDA e dos Agrarios, e Lerroux ou mandatarios seus presidiron os gobernos de aquil bienio, fronte a violencia das esquerdas que, divididas, perderan o poder na loita electoral. Os homes do meu tempo non precisan de outras consideracións. Pra os meus lectores nada estaba ben máis novos pra ventaxa súa, xa faremos algunha puntualización máis adiante.

O ano 1934 é cecáis o ano menos coñecido da vida de Daniel polos seus aituáes biógrafos. Pero é tamén un intre definitorio dos seus futuros rumbos políticos. A Castelao, deputado nas Cortes constituíntes do novo réximen, deixárano sin aita nas seguintes eleccións. A loita faise dura, de xeito moi especial en Pontevedra, onde os radicais estaban capitaneados por quen sentía particular xenreira contra os galeguistas. Convén, pois, lembrar algúns feitos:

No campo da literatura iste ano ben poidera chamarse "*annus mirabilis*", seguindo a Allison Peers¹, xa que o Día de Galicia,

¹ *Historia del movimiento romántico español*. Tomo II, p. 318. Madride, 1954. Tamén CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea*. To-

gracias ao patriotismo de un home exemplar, Anxel Casal, e a maturidade acadada polas letras galegas, conmemorouse coa publicación de catro libros fundamentais: *A romeiría de Xelmírez*, de don Ramón Otero Pedrayo, *Os Evanxeos da risa absoluta*. (*Anunciación do Antequixote*), de Antón Villar Ponte, *O silencio axionllado*, libro de versos de Ricardo Carballo Calero, e *Os dous de sempre*, de Alfonso Rodríguez Castelao, quen pechará literariamente o ano coa edición de *Retrincos*, rematado de imprimir o 19 de Nadal, no mesmo obradoiro de Anxel Casal. Como se ve é un ano fecundo nos eidos da literatura.

Na banda dos acontecemento políticos, —como xa queda encetado— é ista unha etapa dura, incómoda, de loita fera², que terá seu cume na revolución do mes de outubro en Asturias e a declaración da independencia de Cataluña promovida polo goberno da Generalitat.

Castelao loita agora rexa e arriscadamente. Súa millor arma é a pluma, que, como denantes na caricatura, está a prol dun ideal en guerra declarada ós que atrancan os camiños do futuro da súa Terra. Castelao crea niste mesmo intre un novo xénero literario, no que, coma sempre, se manifesta o seu fino e ás veces acedo humor e o coñecimento real da dimensión política da hora que o país está vivindo, e que cecáís, ao meu xuicio, teñamos eiquí o nacemento da nova dimensión da persoa de Daniel que ficará pechada nas horas silandeiras do exilio³. O novo xénero literario chamarase *Lerías no adro*, das que gardamos unha forte impresión aínda despois de tantos anos. Prestaríamos un

mo I, p. 175. Vigo, 1962, fai uso da mesma expresión referíndose ao ano 1880 en que se publican *Follas novas*, de Rosalía, *Aíres da miña terra* de Curros, e as *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal.

² Casares Quiroga, xefe da ORGA, denantes acatado por moitos, defraudou as espranzas que todos puxeran nil e il mesmo abafou os millores alentos dos seus seguidores, pasando ben axiña pola amargura da impopularidade. A antipatía que Castelao sentía por Casares Quiroga queda evidenciada nas dúas "Lerías" que eiquí ofrecemos, con máis carraxe na primeira do que na segunda. Castelao entendía que, en Galicia, ser republicán a secas era non ser nada. Pra Daniel os republicáns, se de verdade o eran, terían que ser galeguistas. Cecáís iste sería a causa de non ter Castelao concurrido a xuntanza de Madride da que nos da noticia Xerardo ÁLVAREZ GALLEGÓ, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*. Edicións "Nós". Buenos Aires, 1962, páxs. 169-171.

³ Véxase concretamente SEMPRE EN GALIZA, saída do prelo o día 10 de marzal do 1944 na Edit. "As Burgas" do Centro Orensano de Buenos Aires. A 4.^a edic. saíu do prelo o 4 de xaneiro do 1974. Tamén o número extraordinario de *A nosa Terra* do Día de Galicia de 1950 e *Alba de gloria*, Buenos Aires do 1951. Non compre esquecerse da monumental edic. de *As cruces de pedra na Galiza*. Edicións "Nós".

grande servizo pra o coñecimento das angueiras de aqueles tempos e pra un millor estudo da perspectiva política de Castela se conquéríramos xuntalas todas, pois a nós fóinos imposible acadar máis das que eiquí ofrecemos⁴.

Dí unha delas:

—*Lerroux cumpléu setenta anos.*

—*Pois non-o parece.*

—*¿E logo, a ti paréceche que tén menos?*

—*Non, home, non. A mín paréceme que tén cento setenta.*

* * *

—*¿Sabes algo dos cincoenta deputados que representan a Galicia?*

—*Home... eu non sei máis que de dous.*

—*¿E logo, qué fan?*

—*Cobrar dietas para escribir parvadas no "Faro de Vigo".*

* * *

—*Pois eu digoche que todo canto se fai na Hespaña ensáíase primeiro en Portugal.*

—*Home, non digas eso. ¿E logo coidas que vai vir unha dictadura?*

—*Non-o sei; pero xa hai un Salazar no Goberno.*

* * *

—*Disque foi Nicolau d'Oliver quen inicióu o tratado comercial co Uruguay.*

—*Certo; ¿pero tí sabes quen era ministro de Estado?*

—*Sería Zulueta ou Fernando de los Ríos.*

—*Non, home, non. Era Lerroux, ¿sabes?*

* * *

⁴ Fracasamos no noso intento de búsqueda do ano 1934 de *A nosa Terra*, mála a axuda de investigadores amigos. Non se atopa na Real Academia Galega, nin no Instituto Fr. Martín Sarmiento de E. Galegos, nin no Museo de Pontevedra. Outras persoalidades tampoco conservan a colección.

—*Si Pita Romero non estivese trabado ós Sindicatos gandeiros de Ortigueira xa estaría entrando a eito a carne do Uruguay.*

—*¿E logo os deputados de agora non imitarían ós das Cortes constituíntes?*

—*Agora os deputados son moi patriotas e tanto lles dá o gando de Galicia como o aceite de Andalucía.*

* * *

—*Maciá non foi ministro; pero logrou a autonomía de Cataluña, creou un baluarte para a República e soupo darlle vida a un Partido endeble. Morréu cheo de gloria.*

—*Casares Quiroga foi ministro da Gobernación; pero bulróuse dos autonomistas do seu mesmo partido, entregou a súa Terra ós vellos caciques e deixou sen vida o sector republicano máis forte de Galicia. Pero foi sen querer, ¿sabes?*

—*¿E agora qué debía facer para refacerse?*

—*Pois... confesar os seus erros e loitar como soldado raso*⁵.

C.

* * *

As tres cuartelas autógrafas, milagrosamente salvadas, recollidas do cesto dos papeles onde foran guindadas, son as que seguirían á anterior lería. Polos acontecementos aos que fan referencia tiveron que ser escritas nos primeiros días do mes de abril de 1934 e denantes da crisis do día 25 do mesmo mes⁶.

Ofrecémolas en facsímil como proba da súa autenticidade e pra regalía dos nosos lectores, admiradores todos de Castelao.

⁵ Publicada en *A nosa Terra*. Santiago, imp. "Nós". Rúa do Vilar, 15, p. 4. Exemplar no Museo de Pontevedra, procedente da librería do propio Castelao.

⁶ Veleiquei unha apretada nota de puntualización histórico-política: a) Os ministros que foron ás procesións de Semana Santa de Sevilla foron o da Gobernación, Rafael Salazar Alonso, e o de Comunicación, Xosé M.^a Cid Ruiz-Zorrilla, agrario. Chegaron a capital andaluza ás seis da tarde do miércoles, día 28 de marzal, sendo recibidos polas autoridades civís e militares. O señor Cid dixo que estaría dous días en Sevilla para asistir aos aitos relixiosos, aínda que, engadiu, con carácter particular. Máis explícito estivo, xa de volta en Madride, o ministro da Gobernación Salazar Alonso, quen non sóio se mostrou satisfeitísimo do entusiasmo do pobo sevillano nas festas de Semana Santa, senón que contou aos xornalistas, a quenes recibiu o día 31 do mesmo mes de marzal, que fora obxecto de moitas manifestacións de simpatía, citando o caso de que ao pasar pola Ponte

de Triana atopouse con unha procesión sendo recoñecido polos homes que portaban os tronos e balanzaron o paso decindo que era polo ministro, engadindo que "sin temor a hipérbole, puedo afirmar que todo el pueblo sevillano estaba en la calle". En canto á restauración da pena de morte foi unha medida que o Goberno presidido por Lerroux tivo que tomar fronte á forte oposición que atopaba no Congreso, ás folgas e aos aitos de terrorismo que tiñan consternado ao país. Na reunión do Consello de Ministros do martes, día 27 de marzal, acordóuse restablecer a pena de morte, decreto non anticonstitucional pero que precisaba a modificación de dous artigos do Código Penal. Frente a semellante medida —a que deseguida se le dñu forma legal— replica a C.N.T., secundada polos socialistas, declarando a folga xeral en Zaragoza. Era visto que cando o Goberno Lerroux non atopaba oposición na Cámara, aquela estouraba nas fábricas e nos talleres. A aitude política de Lerroux foi condenada polos partidos da esquerda como francamente contraria á República, e dende facía tempo, algúns prohombres de aqueles partidos viñan insistindo na comenencia de coaligarse e ir xuntos na loita pra rematar co lerrouxismo. Non foi posíbel chegar a un total entendimento das esquerdas, pois tiñan perdido moito creto diante da opinión pública pola súa aituación anterior. O primeiro entendimento comenza por Azaña e Marcelino Domingo, a quenes se sumará Casares Quiroga, disolvendo a ORGA e integrándose no partido de Izquierda Republicana. (Datos da prensa de aqueles días); b) o Goberno Lerroux constituído o 3 de abril estaba formado deste xeito: Presidencia: Alexandro Lerroux, radical; Estado: Leandro Pita Romero, independente; Gobernación: Rafael Salazar Alonso, radical, que substituíra a Martínez Barrio; Guerra: Diego Hidalgo, radical; Mariña: Juan José Rocha, radical; Agricultura: Cirilo del Río, progresista; Industria e Comercio: Ricardo Sempere, radical; Comunicacions: José M.^a Cid Ruiz-Zorrilla, agrario; Traballo: José Estadella, radical; Instrucción Pública: Salvador de Madariaga, independente; Obras Públicas: Rafael Guerra del Río, radical; Facenda: Manuel Marraco, radical, en substitución de Lara; Xusticia: Rafael Álvarez Valdés, liberal demócrata. Deixando de man algunhas outras consideracións —tales como a falla de base parlamentaria: os partidos comprometidos no Goberno dispuñan de 141 deputados, fronte a 143 da CEDA e da Lliga, de Cambó, cos que tiña que contar pra sosterse—, a impopularidade de que gozaba o novo equipo, peor que o anterior, e de xeito especial á súa falla de autoridade i enerxía pra impor o estricto cumprimento da lei, cousas todas elas de moita entidade, dñu lugar a crisis do día 25 de abril, formándose o día 27 un novo Goberno, presidido por Ricardo Sempere, no que Pita Romero continúa na carteira de Estado, pero en Instrucción Pública xa non aparece Madariaga. Resulta, pois, claro que ista "Leria" tivo que ser escrita despóis do 27 de marzal e denantes do 25 de abril. Cfr. Federico BRAVO MORATA, *La República*, II (1933-1934-1935). Madride, 1973, páxs. 115, 128, 52, 66. Pita Romero tiña sido ministro por vez primeira de Mariña no Goberno do 9 de outubro de 1933, presidido por Martínez Barrio, co que se disolven as Cortes constituíntes. Nos gabinetes seguintes ocuparía sempre a carteira de Estado (17 decembro 1934).

Leria no adro

- O Gobierno. Levouns será o que ti queiras;
pero é moi sensíbel ôs sentimentos cristiáns.

- ¿Debo porque mandou dous Ministros á
procesión de Sevilla ou porque se lle ocorreu restablecer
a pena de morte en Sanana Santa?

- A minoria galega das Cortes constituintes
morreu.

- Non, home, non. Vive aínda.

- Boeno, home, boeno. Se ben se mira sem-
pre estivo morta.

- Estás ben trabucado. Repara que deantes
sostúa òs Ministros: Casares Quiroga. Pero agora
sostén a dous: Pita Romero e Madariaga.

- Vóolle ~~o~~ decir que votei por vóteda
nas eleccións.

- Pois far moi mal en decirmos; porque o
voto é segredo

- (2)
- ¿Como te chamais?
 - Antón
 - ¿E qué máis?
 - Cajamarilla Fungueirino
 - ¿E qué ideas tes?
 - Son republicano
 - ¿E qué máis, home? ¿E qué máis?

~~Estados~~

- =
- Estamos no ano 1934, despois de tres anos de República.
 - Non, home, non. Estamos no ano 1922, nove anos antes da República.

- =
- Agora compre agardar pol-a reacción que ten de vir.
 - Non seas parvo; a "reacción" xa ven.

- =
- Carares Quiroga xustificou a súa xestión de representante de Galicia no Goberno da República e foi moi aplaudido.
 - ¿Aplaudido por Galicia?

- Non, home, non. Foi aplaudido por
uns cantos mortos que se dispoñían a matarse
para ver se aínda logran resucitar...

- Hai homes que por defendel-as súas
~~ideas fronte ao perigo a súa fortuna~~ ideas din
que puxeron en perigo a súa fortuna.

- Hai homes que pol-as súas ideas
aínda poden facer fortuna.

C

Pregamos licencia pra reproducir eiquí a dedicatoria que
Castelao nos fixo de *Os dous de sempre*, fresca aínda a súa tinta,
nun café de Compostela, porque gardámola coa limpa emoción
de unha reliquia persoal moi amada.

A Francisco Ojeda, co-a
meirande cordialidade

Castelao

As *Lerías no adro* perderían grande parte da súa verdadeira
dimensión se non engadísenos aínda que elas son a probanza da
loita valente, a peito descuberto, que levóu a Castelao e a Bóveda
ao traslado forzoso a Badaxoz e a Cádiz, respectivamente, por
obra dos radicais emilianistas. É ista unha etapa na vida de
Castelao de que lle temos escoitado algunhas anécdotas coa gra-
cia que somentes íl poseía, etapa que sería comenente estudar

con certo deteñimento. Algo adiantaremos eiquí como obrigado remate do noso cativo traballo.

O xantar de despedida que os amigos orgaizaron en Pontevedra pra o día 17 de novembro non chegou a celebrarse porque tres días denantes, o día 14, morrera en Vigo a nai de Virxinia, muller de Daniel, por respecto e adhesión a door do matrimonio. Marcharon no tren expreso do día 18, e foron despedidos gariñosamente polos moitos amigos da boa vila ⁷.

Tardaron en voltar case un ano. Penso que se trabuca un pouco Xerardo Álvarez Gallego cando refire ao outono do 1934 a xuntanza en Madride de Gómez Román, don Enrique Peinador e Bóveda, sen que Castelao poidese asistir por non ter recibido o obrigado permiso de Portela Valladares, ministro da Gobernación, porque nesa altura nin Castelao e Bóveda foran desterrados aínda, según queda dito, nin Portela chegara a ser ministro ⁸.

Portela Valladares foi ministro da Gobernación desde o día 3 de abril de 1935, deica o 19 de setembro do mesmo ano, sobrevivindo a crisis do 3 de maio que dá entrada de novo a Gil Robles no departamento de Guerra, Royo Vilanova en Mariña, Lucía en Comunicacóns, etc., pero non entrou xa no gabinete formado por Chapaprieta o 25 do mesmo mes de setembro, porque don Manuel non se entendía ben cos ministros da CEDA.

Temos algunhas noticias de Castelao perante esta longa e fecunda etapa de desterrado nas súas prosas que van no comenzo de *Sempre en Galiza*. Mais penso que o seu éxito maior no orde literario do ano 1935 foi a súa conferencia na Semana Galega do Porto, orgaizada polo Seminario de Estudos Galegos, na que Castelao —indo desde Madride e participando en sóio dúas sesións— dictou o día 3 de abril encol de "Os cruceiros de pedra na Galiza", da que ofrecemos a proba fotográfica.

⁷ Véxase o *Diario de Pontevedra* dos días 16, 17 e 19 de novembro do 1934. Referencias que debemos ao noso benquerido amigo Alfredo García Alén, Segretario do Museo, onde se custodía.

⁸ Cfr. *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*. Edicións "Nós". Buenos Aires, 1972, páxs. 169 e 172. Non ten importancia semellante trabucamento, dadas as circunstancias en que o libro foi escrito. De feito nin os tratos políticos certos que relata poden tampouco localizarse nese tempo, se ben se repara. Portela no chegou a ministro da Gobernación deica o día 3 de abril de 1935, nun gabinete ministerial presidido por Lerroux. A entrevista de don Enrique Peinador e Álvarez Gallego con Portela foi cousa certa, mais tampouco pudo ter lugar na data sinalada.



Castelao pronuncia o día 3 de abril de 1935 sua fermosa conferencia sobor de *As cruces de pedra na Galiza*, na Semana Galega orgaizada na cidade do Porto polo Seminario de Estudos Galegos

¿Cándo volta Castelao do desterro? Alvarez Gallego⁹, testigo da petición de don Enrique Peinador a Portela, feita no propio Ministerio, dínos que Portela contestóu que il somentes era o ministro da Gobernación do Consello presidido por Lerroux. Mais non por iso deixou de manifestar o vello loitador galego que Castelao e Bóveda merecían algo máis que a simple restitución aos seus antigos destínos. ¡Merecían, canto antes, deixar de seren burócratas de unha vegada! Portela engadiu, ante a sorpresa de don Enrique e de Alvarez Gallego, que cando il fose pre-

⁹ Ob. cit., p. 172.

sidente xa falarían. "Peinador —remata o segundo— quixo avanzar o dito ¡cando íl fora presidente! Pro Portela non dixo máis" ¹⁰.

Don Ramón Otero Pedrayo, testigo de exceición e fraternal amigo de Daniel, dínos verbalmente que, estando en Trasalba, chegoulle o xornal coa noticia do nomeamento de Portela Valladares como ministro da Gobernación, nos primeiros días de abril, e baixou a Ourense para telegrafiar a Portela pedíndolle a volta de Castelao a quen tamén díu conta da xestión que acababa de facer, e que seguidamente chegaron Daniel e súa dona Virxinia e pasaron con iles uns días no pazo de Trasalba. A fermosa lembranza escrita que don Ramón fixo de aqueles ditosos días era merecente de ser reproducida eiquí pola beleza da evocación feita quince anos despois ¹¹, senón tivésemos que alongar iste noso traballo. O ambiente que envolve a prosa pedrayán ten, a pesares da tristura que a motiva, un aire puro de primaveira latexante, paseando os dous xuntos polos lugares de Trasalba que o noso Patriarca ama como se fosen seres vivos e graves.

Mais o certo é que Portela non agardou a chegar a presidente do Consello e sendo ministro da Gobernación anula a sanción de desterro o seis de setembro de 1935, e Castelao posesiónase do seu antigo cargo en Pontevedra o día 28 do mesmo mes ¹².

Enfiando o rumbo que latexa nas *Lerías no adro* —repetimos unha vegada máis nosa teima— penso que asistimos ao nacemento do Castelao político, porque pra nós o que máis destaca

¹⁰ Portela non chegou a presidente deica o día 14 de decembro do mesmo ano 1935, co Decreto de disolución das Cortes no peto i o encárrago de sacar das eleccións un partido Centro de acordo con Alcalá Zamora. O seu intento fracasou, como é ben sabido, nas eleccións do 16 de febreiro do 1936.

¹¹ Véxase *A Nosa Terra*. Número especial adicado a Castelao. Ano XXXIII, n.º 474. Día de Galicia de 1950, p. 16. A lembranza dos días pasados en Trasalba polo matrimonio Castelao está fermosamente evocada na carta de Castelao a don Ramón do día 20 de setembro do 1935, xuntamente coas andanzas de Daniel e Virxinia por París e Bruxelas, onde visitaron as Exposicións Internacional e a de Arte Antigo. Cartas agora publicadas en *Grial*. Revista Galega de Cultura. N.º 47, xaneiro, febreiro e marzo do 1975. "Homenaxe a Castelao", pp. 88-90. Como se ve, o gran Daniel fixo un longo arrodeo de Trasalba a Pontevedra, pasando deantes por París e Bruxelas.

¹² Datos da Delegación Provincial de Estadística de Pontevedra, acadados por novos e xa benqueridos amigos, non galegos. Por iso non comprendo ben cómo os artigos antepostos a *Sempre en Galiza* aparecen datados en "Badaxoz, Abril-Outono do 1935". Cito pola 4.ª edic. Edics. Galiza do Centro Gallego de Buenos Aires. Instituto Argentino de Cultura Gallega, 1974, p. 31. Castelao cesou, por excedencia obrigada, o día 3 de abril do 1936, por conquistar o primeiro posto na candidatura triunfante nas eleccións e o comenzo da aitividade parlamentaria.

en *Sempre en Galiza* é a brillante e sistemática conceición política que o artista e o narrador chegou a acadar a partir de entón¹³.

Seu pensamento, caladamente gardado nas entranas da Terra fecunda, xermola agora con forza inmensa na alma e na mente de todos os galegos e serve como vencello de unidade pra un pobo cheo de espranzas porque a noite fíxose crara luz. Xa íl, profeta e guieiro tiña dito fai tamén coarenta anos:

"Nós temos fe no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fe en nós".

Iste milagre a Castelao llo debemos por enteiro.

Ourense, 11-XII-1974.

¹³ Véxase o libro de Alberto MÍGUEZ, *El pensamiento político de Castelao*. Antología. Edición bilingüe. Ruedo Ibérico. París, 1965.